1- Cantas transferencias se fixeron por parte da Xunta de Galicia á Obra Social OSPAÑA, con detalle dos importes, datas e conceptos, polos anos 2012-2013-2014-2015-2016 -2017 e o que vai do corrente 2018?

2- Cantos galegos e galegas son atendidos na Arxentina pola Obra Social OSPAÑA?

3- Que transferencias foron realizadas polo Goberno galego, no seu caso, á *Mutual de los Inmigrantes Españoles y sus Descendientes en la Argentina* - persoa xurídica diferente da Obra Social do mesmo nome- ?

4- Que autoridades da Xunta foron designadas nos órganos de dirección da Obra Social OSPAÑA e con que fundamento e competencia?

5- Que informes e balances recibía á Consellería de Sanidade da representación da Xunta de Galicia integrante do Consello Directivo de OSPAÑA?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2018 09:37:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2018 09:37:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 09:38:00

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/06/2018 09:38:28

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2018 09:38:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:59
Nº Rexistro: 32863
Data envío: 27/06/2018 13:59:34.495

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

No Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño de 2018, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018.

Estas subvencións van dirixidas a concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre que por si sos ou asociados teñan unha media de paro rexistrado no ano 2017 superior a 500 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos) ou as entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, para o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante un período de 12 meses.

Para o cumprimente do obxectivo establécese un financiamento polos importes de 1.590.000,00 euros e 1.680.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2018, e 3.710.000,00 euros e 3.920.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2019.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª.) Que valoración fai o Goberno galego sobre os resultados acadados con esta subvención dende a súa implantación ?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:59
Nº Rexistro: 32863
Data envío: 27/06/2018 13:59:34.495

2ª.) Cales son os resultados de inserción laboral acadados nos últimos cinco anos con estas subvencións?

3ª.)Cales foron os resultados de inserción acadados segundo os grupos establecidos na orde (A, B, C, D) nos últimos cinco anos?

4ª.) Cales foron os concellos beneficiados nos últimos cinco anos e cales foron as contías concedidas a través destas subvencións?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 13:58:07

Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2018 13:58:18

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2018 13:58:28

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2018 13:58:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32877
Data envío: 27/06/2018 17:13:34.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións urxentes que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estrata LU-161 (Landrove-Ferreira do Valadouro).

O desenvolvemento dunha zona e o seu futuro depende, si ou si, da súa conexión e vertebración coas principais vilas e cidades do país. Depende da existencia de vías de comunicación que nos permitan, á poboación e ás empresas, acceder en pouco tempo e con seguridade ás vilas da comarca e conectarnos nun corto espazo de tempo ás vías de alta capacidade máis próximas.

Aquelas parroquias que se asentan entorno a estradas que no canto de favorecer a súa conexión, as incomunica e as illa das vilas principais, ven perigar gravemente a súa existencia.

O deterioro e abandono destas estradas contribúe, amén doutros factores, ao esmorecemento de aldeas e parroquias, entre outras, como a de landrove, San Pedro, Valcarría, Chavín, San Andrés de Boimente, As Lobeiras, Vilacampa cuxa principal vía de comunicación que as atravesa (LU-161) e que comunica os municipios de Viveiro, Ourol, O Valadouro e Mondoñedo, entre outros, é unha

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32877
Data envío: 27/06/2018 17:13:34.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estrada totalmente desfeita, con numerosas deficiencias no firme e no trazado, de escasa anchura, cunetas en mal estado e sen beiravías. Unha estrada onde as veciñas e veciños destas parroquias veñen sendo testemuñas, desde hai anos, de numerosos accidentes que sofren os usuarios deste vial debido á existencia de puntos especialmente sensibles para a circulación, con curvas perigosas, sen marxe entre o límite do carril e o final da calzada, escasa e mala sinalización horizontal e cunetas sen revestir, mal conservadas e cuns desniveis moi fortes que aumentan a gravidade e as consecuencias da saída da vía dos vehículos e que carece dun marxe mínimo que permita a/ao condutor/a corrixir a traxectoria, esquivar un obstáculo, ou frear, sen saírse da calzada.

Desde o BNG denunciamos a perigosidade e as condicións de abandono desta infraestrutura da Xunta de Galicia e critica a pasividade e a falta de interese dos responsables da Xunta do PP amosado pola seguranza viaria desta estrada que, a pesares das numerosas e continuas demandas feitas pola veciñanza e diversas entidades nos últimos anos, tan so se dedicaron a realizar obras de parcheo en tramos moi puntuais en épocas electorais, mais nunca chegaron a contemplar a erradicación dos puntos negros existentes nesta estrada nin a poñer en marcha actuacións necesarias para a mellora e o acondicionamento deste vial.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o Goberno galego o estado no que se atopa a estrada LU-161 (Landrove-Ferreira do Valadouro)?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32877
Data envio: 27/06/2018 17:13:34.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa adoptar algunha medida para mellorar o estado no que se atopa?

- De ser así, cando e con que orzamento?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2018 17:12:08

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2018 17:12:15

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2018 17:12:16

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 17:13
Nº Rexistro: 32877
Data envio: 27/06/2018 17:13:34.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2018 17:12:18

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2018 17:12:19

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2018 17:12:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:07
Nº Rexistro: 32886
Data envío: 27/06/2018 18:07:44.506

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

O Instituto Nacional de Estatística acaba de publicar a Enquisa de Orzamentos Familiares e a Enquisa de Condicións de Vida referidas ao ano 2017.

A enquisa de condicións de vida establece que os ingresos medios anuais por fogar en 2016, para o conxunto do Estado, aumentaron nun 3,1%, acadando 27.558 euros; sendo o ingreso medio por persoa 11.074 €, o que supón un incremento do 3,4% respecto do ano anterior. Non obstante, no caso de Galicia os ingresos medios por persoa sitúanse en 10.753€ , ocupando o 11º lugar de todas as CCAA.

No caso da taxa de risco de pobreza, Galicia presenta unha taxa do 18,7%, lixeiramente por debaixo da taxa para o conxunto do Estado, cun 6,2% dos fogares que manifestan ter moita dificultade para chegar a fin de mes e un 23,7% que non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

Para o dato de distribución da poboación en quintiles segundo os seus ingresos, temos que o 36,4% da poboación galega se atopa nos quintiles 1º e 2º, fronte a un 15,5% que estaría no 5º quintil.

En canto á enquisa de Orzamentos Familiares, temos que o gasto medio por fogares medrou, en termos correntes, un 3,5%, situándose en 29.188 € e en 11.726 o gasto medio por persoa, mentres que para Galicia o gasto medio por persoa sitúase en 10.938€, o que supón un índice do 93,3% sobre a media de gasto medio por persoa, situándose na posición 12ª de todas as CCAA.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª.) Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre estes datos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:07
Nº Rexistro: 32886
Data envío: 27/06/2018 18:07:44.506

2ª.) Considera o Goberno galego que as condicións de vida da maioría dos galegos e galegas lles permiten desenvolver axeitadamente o seu proxecto vital?

3ª.) Que medidas pensa tomar o Goberno galego para mellorar esta situación?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2018 18:07:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/06/2018 18:07:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32906
Data envío: 28/06/2018 12:06:21.423

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establecía, na súa disposición adicional segunda, que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencia implementasen as Unidades de Valoración Forense Integral, coa función de deseñar protocolos de actuación global e integral nos casos de violencia de xénero tamén a través dun procedemento de valoración do risco de novas agresións e do risco vital que puidese ser emitido nun prazo inferior a 72 horas nos casos de urxencia, sendo en todo caso un informe complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima. En verbas do presidente do Comité Científico Técnico do Consello Médico Forense, "ao longo dos anos de xestión, as unidades que están a funcionar teñen amosado alto grao de eficacia e a súa resposta é moi apreciada polos diferentes operadores xurídicos. Non obstante, as diferenzas de xestión entre Administracións, a falla dunha normativa específica e as dificultades de dotación persoal e material interfiren de forma importante no seu desenvolvemento". Xa dende as primeiras sesións de traballo en 2010, as comunidades dependentes do Ministerio de Xustiza comezaron demandando este servizo, chegando á conclusión de que un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital é oportuno e viable.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión, dende a súa creación en maio de 2005, prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Unhas das súas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32906
Data envío: 28/06/2018 12:06:21.423

funcións é a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, mais non recoñece as Unidades de Valoración Forense Integral con facultades para emitir un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista. Cómpre dicir ademais que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto desta violencia nin, por suposto, da valoración do risco.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está a cumprir o Goberno galego a Disposición adicional 2ª da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?
2. Pensa o Goberno galego que implementar no Imelga o Informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista, como complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima, é oportuno e viable?
3. Vai desenvolver o Goberno galego a normativa específica para tal fin?
4. Pensa o Goberno galego que o Imelga dispón de suficientes dotacións de persoal e material?
5. Cales son os motivos polos que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto da violencia machista?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32906
Data envio: 28/06/2018 12:06:21.423

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2018 09:59:26

María Luisa Pierres López na data 28/06/2018 09:59:32

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2018 09:59:37

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/06/2018 09:59:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/06/2018 09:59:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:53
Nº Rexistro: 32925
Data envío: 28/06/2018 16:53:53.907

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O pasado 26 de xuño aprobouse por unanimidade no Congreso dos deputados a tramitación da Proposta de Lei de Unidos Podemos-En Comú-En Marea para equiparar os permisos de paternidade e maternidade para que estes sexan iguais, intransferibles e remunerados ao 100%.

Esta é unha moi boa nova que nos fai avanzar cara unha sociedade máis igualitaria e feminista.

No pasado pleno do Parlamento de Galicia o PP votou en contra dunha Proposición de lei que solicitaba o mesmo, pero no marco das nosas competencias, sen dar ningún tipo de argumentación.

Ante esta incoherencia gustaríanos saber cal é o posicionamento da Xunta ante esta medida.

O único que coñecemos até o de agora é o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade que só prevé, para 2021, a paulatina equiparación dos permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible até as 7 semanas na Función Pública, moi lonxe das 16 semanas que prevé a Proposta de Lei que votou favorablemente o PP no Congreso dos deputados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 16:53
Nº Rexistro: 32925
Data envío: 28/06/2018 16:53:53.907

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte pregunta:

- Que opinión ten a Xunta de Galicia sobre os permisos de paternidade e maternidade iguais, intransferibles e remunerados ao 100%?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/06/2018 16:47:00

Paula Vázquez Verao na data 28/06/2018 16:47:10

Marcos Cal Ogando na data 28/06/2018 16:47:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 17:58
Nº Rexistro: 32934
Data envío: 28/06/2018 17:58:29.939

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) encomendou o 28 de agosto de 2017 a sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. a realización dos traballos de posta en marcha e difusión do Observatorio do Solo Empresarial de Galicia e a elaboración de determinados contidos do mesmo. Esta encomenda tería un praza de vixencia ata o 31 de decembro de 2019. Fai xa dez meses dende a posta en marcha da elaboración do mesmo.

Ante as constantes noticias sobre a preocupación dos axentes económicos e sociais pola escaseza de chan empresarial, especialmente nas zonas de forte demanda, e naquelas fronteirizas con Portugal que sofren máis a competencia portuguesa, e a falla de respostas axeitadas por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente a Xunta de Galicia da dificultade que supón para o tecido industrial e comercial galego a falla de chan empresarial dispoñible?
2. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades que supón para o desenvolvemento das actividades económicas, especialmente no sur da comunidade autónoma, os elevados prezos do escaso chan industrial dispoñible?
3. Para axudar a realizar un diagnóstico axeitado de este problema, pensa contar a Xunta de Galicia co Observatorio do Solo Empresarial de Galicia?
4. En que fase de realización se atopa este observatorio?
5. Están participando na elaboración do mesmo os diferentes axentes económicos e sociais concernidos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 17:58
Nº Rexistro: 32934
Data envío: 28/06/2018 17:58:29.939

6. Ten a Xunta de Galicia un calendario pechado sobre o remate dos traballos?
7. Fará públicos a Xunta de Galicia os resultados acadados na elaboración do mesmo?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/06/2018 17:49:41

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/06/2018 17:49:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 11:13
Nº Rexistro: 32891
Data envio: 28/06/2018 11:13:07.151
Data 28/06/2018 11:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23515,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **"o funcionamento do Centro de Día e dunha unidade de Alzhéimer en Mondoñedo"**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"De acordo co establecido polos artigos 20 e seguintes do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección de servizos sociais en Galicia, con data 27 de xaneiro de 2016 a entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz solicitou autorización de inicio de actividade dun centro de día en Mondoñedo sendo esta concedida pola Consellería de Política Social con data 3 de abril de 2017.

De acordo co previsto para esta tipoloxía de servizos no Decreto 19/2008, do 17 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, e na Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzheimer e outras demencias, unha vez autorizado o centro de día, con data 13 de xuño de 2017 a entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz solicita a creación dunha unidade de alzheimer con dez prazas no dito equipamento, atopándose actualmente en trámite de autorización de acordo co establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

Con respecto ao centro Residencia San Rafael de Mondoñedo, con data 10 de abril de 2018, previo informe técnico favorable e tras realizar a correspondente inspección para a comprobación do cumprimento dos requisitos exixibles para esta tipoloxía de centros, con data 10 de abril de 2018 resolveuse a autorización de inicio de actividade dunha primeira fase

CVE-PREPAR: 0272c215-fd00-e595-3807-693497ba4bc5

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/06/2018 11:12:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 11:13
Nº Rexistro: 32891
Data envio: 28/06/2018 11:13:07.151

na que se inclúen 15 prazas máis unha de enfermaría, constando así actualmente no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Por último, no ano 2015, co dito Concello suscribiuse un convenio para a realización de actividades para a promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia por importe de 90.000€.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 0272c215-fd00-e595-3807-693497ba4bc5

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 11:13
Nº Rexistro: 32891
Data envio: 28/06/2018 11:13:07.151

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/06/2018 11:12:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:07
Nº Rexistro: 32910
Data envio: 28/06/2018 12:07:21.448
Data 28/06/2018 12:07

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24940,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **"a regulación da Tarxeta Benvida"**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"As sucesivas convocatorias da axuda da Tarxeta Benvida prevén un prazo de resolución, que con carácter xeral se cumpriu. Si que se pode tardar efectivamente máis cando se require a subsanación de documentación necesaria para resolver, o cal non significa incumprimento dos prazos.

Respecto dos nenos e nenas que reciban a tarxeta benvida ao abeiro da convocatoria de 2018, tal e como se establece no seu artigo 13, a Consellería de Política Social remitirá as tarxetas benvida coa carga que lles corresponda na anualidade 2018 en función do mes de nacemento e, de ser o caso, recargaraa coa contía que corresponda na anualidade 2019 en función dos meses que restan ata que o neno ou nena que deu dereito a ela cumpra un ano.

De ter dereito á ampliación, a tarxeta será recargada ademais nas sucesivas anualidades ata que o neno ou nena cumpra tres anos, coas contías seguintes:

a) 600 €/ano, a razón de 50€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro.

b) 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo.

c) 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

CVE-PREPAR: 057e23d4-01b1-1444-3168-bad7ef6634f7

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:07
Nº Rexistro: 32910
Data envio: 28/06/2018 12:07:21.448

A Xunta de Galicia defende o reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades entre mulleres e homes, como o demostra a recente aprobación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. Tamén, como non podía ser doutro xeito, a lactación materna, que promociona entre as familias nas que se vai producir un nacemento dándolles cumprida información sobre os seus beneficios para a saúde. Así mesmo, ten impulsado, dentro da área de servizos do Programa de Apoio á Natalidade (PAN), a creación de bancos de leite materno nos hospitais da rede pública (actualmente en Vigo e A Coruña)**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 057e23d4-01b1-1444-3168-bad7ef6634f7

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:07
Nº Rexistro: 32910
Data envio: 28/06/2018 12:07:21.448

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/06/2018 12:07:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:07
Nº Rexistro: 32909
Data envio: 28/06/2018 12:07:13.932
Data 28/06/2018 12:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27024,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a posta en marcha da nova residencia para persoas maiores de Foz, as que vai levar a cabo diante do concello ao respecto e a súa opinión referida á posible incidencia da política que está a seguir en relación coas residencias públicas da terceira idade na precarización do emprego nelas, así como ao modelo de contratación de persoal coidador a través dunha empresa externa no canto de reforzar o cadro de persoal deses centros"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar despois de construír e equipar o Centro de Día e Residencia de Foz con capacidade para 40 prazas de atención diúrna e 40 prazas residenciais, chegou a un acordo co Concello de Foz para cederlle a xestión do centro, tal e como foi solicitado polo concello por acordo plenario de data 27 de outubro de 2016.

Despois dos correspondentes trámites administrativos, a devandita cesión da xestión do centro se formalizou no convenio asinado entre o Consorcio e o Concello o 31 de xullo de 2017.

A partir desa data, tal e como se recolle expresamente no convenio, correspóndelle ao concello de Foz 'a xestión integral do dito centro directamente o de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación de xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público, e demais normativa de aplicación vixente'.

CVE-PREPAR: 5552eba7-06f1-c3c5-acd9-48bb3c9868a2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/06/2018 12:06:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:07
Nº Rexistro: 32909
Data envio: 28/06/2018 12:07:13.932

Non obstante o anterior, e respectando sempre a autonomía municipal, o Consorcio está a colaborar co concello de Foz para que o centro entre en servizo neste ano 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5552eba7-06f1-c3c5-acd9-48bb3c9868a2

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:07
Nº Rexistro: 32909
Data envio: 28/06/2018 12:07:13.932

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/06/2018 12:06:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32908
Data envio: 28/06/2018 12:06:55.041
Data 28/06/2018 12:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30791,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don David Estévez Rodríguez, sobre **"o financiamento pola Xunta de Galicia dalgún material o dalgunha reforma na Casa Niño de Cualedro, a súa opinión en relación coa situación na que se atopa e a valoración da inspección levada a cabo ao respecto, así como as súas intencións referidas ao aumento dos recursos destinados á conciliación e ensino infantil de 0 a 3 anos na comarca de Verín e a viabilidade futura do actual sistema de casas niño"**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Cualedro contaba en 2017 cun total de 4 nenas e 6 nenos menores de 3 anos, polo que a Xunta de Galicia considera que a casa niño é un recurso axeitado. Neste sentido, e logo dun procedemento de concorrencia competitiva regulado pola Orde do 13 de xuño de 2017 (DOG do 23 de xuño), resolveu positivamente a solicitude de axuda presentada por unha emprendedora interesada en poñer en marcha unha casa niño neste concello.

A contía total da axuda concedida pola Xunta de Galicia para equipamento e dotación material do inmoble foi de cales 15.000 euros. A esta axuda, súmanse 19.600 euros anuais para a prestación da atención aos nenos e nenas.

O informe da inspección recolle que esta é axeitada para o desenvolvemento do proxecto nos termos que se recollen no artigo 4.1 c) da Orde do 13 de xuño de 2017.

O obxectivo da Xunta de Galicia é que en 2020 todos os concellos de Galicia conten cun recurso de conciliación**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e860ee92-4593-9d50-9c36-69cefa4ec9d1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/06/2018 12:06:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32908
Data envio: 28/06/2018 12:06:55.041

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/06/2018 12:06:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32907
Data envio: 28/06/2018 12:06:45.603
Data 28/06/2018 12:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31730,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"as razóns do Goberno galego para privatizar o servizo de Gabinete de Prensa da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada do Salnés existindo unha praza pública cuberta para a súa prestación e elixir o procedemento negociado para a súa adxudicación, así como a valoración das denuncias presentadas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Non existe ningunha duplicidade. Trátase dunha contratación de apoio técnico para o reforzo do departamento de comunicación da Estrutura de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra, que cumpre todos os requisitos legais. A contratación deste reforzo que complementa ao servizo de prensa remóntase a 2007, durante a etapa do Goberno bipartito, cando se realizou por un importe que duplicaba o actual.

A EOXI de Pontevedra da cobertura a 3 hospitais e 46 centros de saúde que atenden a unha poboación de referencia de preto de 300.000 habitantes.

A contratación realizouse a través de procedemento negociado por un importe de 30.000 euros, de acordo coa Lei de Contración do Sector Público en vigor nesa data, que contemplaba ese procedemento para contías inferiores a 60.000 euros para contratos e servizos**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a26e1780-6182-d409-53c0-6b18bddde561

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/06/2018 12:06:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:06
Nº Rexistro: 32907
Data envio: 28/06/2018 12:06:45.603

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/06/2018 12:06:23

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727